



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

Expediente núm. 2021/E001/000005

DECRETO DA CONCELEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO

ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante a Resolución 42748/2020, a Presidencia da Deputación Provincial da Coruña foron aprobadas as BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS PARA O FINANCIAMENTO DO PERSOAL TÉCNICO OU AXENTES DE IGUALDADE NO ANO 2021 (FOAI/2021), publicadas no BOP núm. 225, do 31/12/2020.

Á convocatoria concorreu esta entidade local, que obtivo unha achega de 12.833,33 € para o financiamento dun/ha axente de igualdade municipal para a dinamización e desenvolvemento de políticas de igualdade (Resolución presidencial 2021/15006, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Programa FOAI/2021, publicada no BOP núm. 72, do 20/04/2021).

Na documentación da subvención figura a previsión dispoñer dunha persoa coa categoría de axente de igualdade con un vínculo co concello até o 31/12/2021.

No expediente consta a Providencia de inicio do procedemento, ditada en data 27/04/2021 pola concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego (no sucesivo, a concelleira-delegada), na que se motiva a necesidade de seleccionar un ou unha Axente de Igualdade para levar a cabo as actuacións propias do Programa e contar con unha lista de espera de persoal desta categoría profesional.

Obra igualmente no expediente a proposta de convocatoria e bases reguladoras da mesma, subscritas pola concelleira-delegada o 06/05/2021 e modificadas o 31/05/2021.

Os informes xurídicos do técnico de administración xeral están datados o 6 e 25 de maio de 2021.


No procedemento obra o informe núm. 229/2021, do 1 de xuño, da Intervención Municipal.

Mediante o Decreto núm.1004/2021, do 3 de xuño, da concelleira-delegada de Área, aprobouse a convocatoria e as súas bases, que foron obxecto de publicación no *Boletín Oficial* da provincia da Coruña (BOP) núm. 107, do 09/06/2021.

O prazo de presentación de solicitudes rematou o 23/06/2021.

A través do Decreto núm.1279/2021, do 8 de xullo, aprobouse a lista provisional do persoal aspirante admitido e do excluído, con indicación da causa ou causas de exclusión, e conferiuse un prazo de dez días hábiles para presentar reclamacións ou emendar defectos.

Durante este prazo, que rematou o 23/07/2021, presentou reclamación contra a súa exclusión a aspirante **Ana María Cabaleiro García**, quen **non xustifica a homologación da formación en igualdade**, nos termos que esixen as bases, polo que procede desestimar a reclamación.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

FUNDAMENTOS LEGAIS

Consonte establece a base núm. 5.6, segunda alínea das que rexen a convocatoria procede ditar resolución resolvendo as reclamacións, a aprobando a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas. E no mesmo decreto corresponde designar o tribunal e fixar lugar, día e hora de comezo do proceso selectivo.

A Alcaldía é, en principio, o órgano competente para ditar a presente resolución en virtude da atribución conferida ao alcalde polo artigo 21.1, letras g) e h) da LRBRL. Porén, tal competencia foi atribuída á concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego mediante o Decreto núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2019).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Desestimar a reclamación efectuada por Ana María Cabaleiro García

2. Aprobación a lista definitiva de persoal aspirante ao proceso selectivo encamiñado á selección dunha persoa funcionaria interina coa categoría de axente de igualdade (nomeamento interino por programa):

a) Persoas aspirantes admitidas:

APELIDOS E NOME	DNI (cifrado)	CELGA 4 (*)
CAJIDE LABANDEIRA, PAULA	***1067**	SI
FERNÁNDEZ VENTUREIRA, NOELIA	***0320**	SI
HERNÁEZ SISTO, SABELA	***1739**	SI
PÉREZ DAVILA, AMARA	***1705**	SI
ZAS REY, IRIA ZELTIA	***7511**	SI

(*) Nesta columna reflíctese se presentaron ou non o CELGA 4 ou equivalente.

b) Persoas aspirantes excluídas:

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO	CELGA 4 (*)
ARES MACEIRAS, NOELIA	***3983**	Non cumpre requisito mínimo formación en igualdade (500 h)	SI
BOUZA SANMARTÍN, YÉSICA	***3624**	Non cumpre requisito mínimo formación en igualdade (500 h)	SI
CABALEIRO GARCÍA, ANA MARÍA	***7455**	Formación en igualdade non homologada.	SI
DECABO QUINTELA, EVA	***9896**	A forma na que se presentou a solicitude é inválida: non cumpre as	SI



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

		bases. Non cumpre requisito mínimo formación en igualdade (500 h)	
SISO CALVO, VANESA RUT	***0606**	Titulación non válida	SI

(*) Nesta columna reflíctese se presentaron ou non o CELGA 4 ou equivalente.

3 O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

4. Designar as seguintes persoas, todas elas persoal funcionario de carreira (dos subgrupos A1 e A2) ou persoal laboral fixo (grupos I e II) desta entidade local, para integrar o órgano de selección (tribunal) na condición que en cada caso se indica:

- Presidencia:

. Titular: María del Carmen Rego Piñeiro, psicóloga

. Suplente: Eva Bergantiños Pérez, pedagoga

- Vogalías:

1ª):

. Titular: Matilde Montserrat González Rivera, pedagoga

. Suplente: José Sanjurjo Paz, programador informático

2ª):

. Titular: Ana Isabel Alonso López, bibliotecaria

. Suplente: Celia María Freire Vega, traballadora social

3ª)

. Titular: Carlos Alberto Domínguez Adegá, economista

. Suplente: Manuel Souto López, técnico de xestión

- Secretaría:

. Titular: José Manuel Cabarcos Anca, técnico de administración xeral

. Suplente: Susana Bellas Bermúdez, xestora cultural

5. Fixar **lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización do primeiro exercicio dos da fase de oposición**, nos seguintes termos:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

- a) Día: **30 de xullo de 2021**
- b) Lugar: **Aula polivalente do Edificio Cultural Doutor Dopeso (Casa de Cultura)**, situado na rúa Rosalía de Castro, s/n, das Pontes de García Rodríguez
- c) Constitución do tribunal: 08:45 h.
- d) Realización do primeiro exercicio: **09:00 h**
- e) Convocar as persoas aspirantes para efectuar o primeiro exercicio no lugar, día e hora indicados.

6. Establecer as medidas de **prevención** necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola **COVID-19**, como a seguir se indica:

- a) As persoas aspirantes deberán levar máscara. En todo momento cumprirán as instrucións do Tribunal e do persoal colaborador deste.
- b) Deberán facer uso obrigatorio do xel hidroalcohólico posto a disposición á entrada e saída do lugar de realización da proba.
- c) O tribunal resérvase a adopción de medidas complementarias de control no acceso e calquera outra que se considere procedente segundo as disposicións sanitarias vixentes en cada momento.

6. Publicar esta resolución no taboleiro electrónico do concello (<https://sede.aspontes.org/opensms/gl/informacion/>) para os efectos de impugnacións e recursos. Tamén se publicará na páxina web municipal.

7. Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA)-.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica á marxe consignada

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños